

# LINGUA E ENSINO SEGUNDO VICENTE RISCO EN "NÓS"

Por MARIA DO CARMO  
ENRIQUEZ SALIDO

Ao igual que fixo Risco dedicamos este artigo unicamente aos escolantes e profesores de todas as clases que verdadeiramente amen e comprendan a Galiza. Asimesmo pensamos que a mellor homenaxe que lle podemos facer a don Vicente é recoller as súas ideas, por outra parte tan actuais, sobre estes dous problemas, daí que nos limitemos, somente, a subliñar o ideário do escritor ourensano. Supomos que o "Pai do Nacionalismo" non se sentiría molesto porque lle normalicemos os seus textos, aproximando-os, aínda mais, a esa comunidade lingüística galego-portuguesa pola que tanto loitou e traballou durante a súa vida.

Apresentamos unhas notas sobre as ideas que tiña o director da revista "Nós", respecto á lingua e ensino en Galiza. No noso estudo partimos só de dous artigos publicados na devandita revista no ano 1921, meses de agosto e outubro, e que titula "Seición pedagóxica". O feito de que nos atañamos unicamente a estes dous traballos non debe supor por parte dos nosos lectores, que non achamos mais testemuños desta problemática rousas obras ou traballos do escritor, pero o noso propósito é que quede delimitado, desde o principio, o sector e campo da nosa específica contribución.

## A LINGUA: O GALEGO NA ESCOLA

As ideas mais claras respecto á lingua galega que aparecen recollidas en todo "Nós", pensamos, sen lugar a dúbidas, que están incluídas no artigo publicado o 25 de outubro do ano 1921 nas páxinas 10 a 12. Risco

apresentase-nos como un verdadeiro coñecedor ou sintonizador de problemas que moitos anos máis tarde se chamarán co nome xenérico de "diglosia", así como un verdadeiro defensor das tarefas que contribúan a "limpar, fixar e dar esplendor ao nonoso idioma".

O primeiro feito que destaca Risco neste artigo é que o ideal sería que "o ensino se dera en lingua galega" e que non se pode botar o galego das escolas porque:

1.— Polo desprezo da lingua comenza o desprezo da Terra e o desapego dela.

2.— Suprimir o galego equivale a condenar a morte o noso pensamento e a nosa literatura.

3.— O ter en pouco a nosa fala axuda á pobre idea que o galego ten de si mesmo.

Para o noso autor, o ensino en galego somente ten ventaxes, porque:

a) Pon-se o que se explica mais ao alcance da intelixencia dos nenos.

b) Empregado alternando co

castellano, favorece a memoria compactiva.

c) Facilita o ensino do castellano pola comparación das dúas linguas.

d) Inflúe na formación dos sentimentos.

e) É unha grande ventaxe posuír dous idiomas en troques de posuír un só.

Destaca asimesmo que non hai que prohibir que os nenos falen galego e sobretudo cando se trata de tarefas "cultas" (a expresión é nosa), por iso di que o escolante ten que dirixir-se aos seus alumnos en galego. Sen embargo, levado por ese desexo de dotar á nosa lingua do rigor e rango axeitado, afirma rotundamente que "os rapaces teñen que aprender a falar verdadeiro castellano e verdadeiro galego" e "non galego misturado de castellano, ou un castellano que é galego literalmente traducido". É subliñar isto, porque Risco é consciente de que o galego era e aínda é, unha lingua que estaba a ser asimilado polo castellano; por esta causa indica que hai que "purificar" a lingua, como ben recoñece Margot Sponer no ano 1927 ao dicir "grazas os xenerosos esforzos de persoas tan plústrs como o Sr. Risco purificará-se o doce e fermoso idioma galego".

Outra idea ben notábel é que Risco considera o galego como unha lingua que forma parte dun tronco común co portugués, daí que afirme "galego e portugués son dous dialectos dunha mesma lingua, e unha das mais extendidas polo mundo, mais aínda que o castellano". Engade logo que esta lingua nos abre todos os países de fala portuguesa. Para don Vicente o galego forma parte dun complexo lingüístico chamado galego-portugués que presenta varias normas cultas, é, portanto, unha unidade na diversidade; con estas ideas, o profesor, declara e defende a comunidade lingüística galego-portuguesa.

## O ENSINO: ENSINO EN GALEGO E ENSINO DA GALIZA

O principal obxectivo de Risco, cando escribe estes dous artigos, é conseguir "unha eficacia educativa e galeguizante das nosas escolas" e para lograr este obxectivo informa aos lectores "das mais saintes novidades pe-

dagóxicas do mundo". Os puntos que trata son os seguintes: o edificio escolar, a escola por dentro, a vida na escola, o escolante, os métodos de ensino, o galego na escola (que xa tratamos nós), e, por último, o ensino das cousas da terra.

O edificio escolar ten de ser "unha casa galega", a mais enxebre de todas e a escola "non debe sacar xamais os nenos do seu medio natural" porque esta institución debe ser ante todo "cousa familiar para os rapaces" xa que é importante evitar "ese contraste brusco entre a casa e a escola". A escola por dentro ten de recoller a nosa natureza, por meio de pinturas murais, instrutivas e educativas, que representen cousas da nosa Terra e, as salas, teñen de estar ornadas con plantas e flores do noso país. Non é boa a educación que "non fai amar á Natureza" e no noso caso, prosegue Risco, "amar á nosa Terra é para nós o resumo e compendio da natureza inteira".

A vida na escola ten de axustarse a un principio xeral que implica por unha parte "respeito á personalidade dos nenos" e por outra "contacto mais intenso, mais fundo coa natureza —coa santa Terra galega— fonte inesgotábel de saúde física e espiritual". Despois de enumerar unha serie de obxectivos, que presentan hoxe unha grande actualidade, destaca "o sentimento da Terra", sentimento que ten de ser a base da nosa educación e do noso ensino. Para conseguir este sentimento aconsella estar en contacto coa paisaxe, co seu ambiente natural, que se fagan excursións pola campia, porque nelas se pode lograr un ensino globalizado (esta frase é nosa e é a que aparece nas orientacións pedagóxicas do Ministerio de Educación). Na campia pode-se ensinar xeografía, botánica, zooloxía e zootécnica, agricultura, meteoroloxía, astronomía, contas, traballos de man, até se pode pintar co dedo na Terra as primeiras letras... Aconsella, asimesmo, que os rapaces canten as cántigas da Terra para fomentar tanto o sentido musical que "a pedagogía moderna recomenda" como a formación dun coro enxebre, até co seu pequeno cuadro de declamación.

O escolante ten de ser unha persoa imbuída do "Ideal da Raza" e da "Tradición da Terra" e por iso os nosos escolantes deben ser galegos e que ademais



"estuden e amen a Galiza". Lamenta Risco que nas Escolas de Maxistério non se estude nada de galego e para corrixir este erro afirma que hai que por-lles nas súas mans (aos escolantes) os medios, tais como libros, cursos, conferencias...

Os métodos de ensino son tamén dunha grande novidade. Dá dúas regras xerais: a) a meirande actividade da parte dos nenos (autoactividade), que equivale ao que hoxe denominamos cos nomes de "escola activa", "escola viva", etc. e b) a constante apelazón á intuición sensíbel (por meio da intuición e manipulación das cousas da Terra, entendendo ademais que hai que saber mirá-las, aprezá-las, porque son coma nós, ou porque se fan coma nós).

O ensino das cousas da Terra ten de ser fundamental, porque o primeiro de todo é coñecer ben cada un as cousas do seu país. Este feito, segundo Risco non admite discusión e é dogmático na pedagogía "moderna" e por iso, os rapaces deben estudar Xeografía de Galiza, Historia de Galiza, Lingua e Literatura galega, Arte galega, Ciencias e disciplinas prácticas con aplicación á nosa Terra. A escola vai servir para facer unha alta obra social, ao procurar a conservación o melloramento das nosas pequenas industrias rurais e caseiras.

Para Risco este é un programa de ensino primario que se pode levar moi ben á práctica e con isto fará-se un imenso ben á "nosa Santa Galiza".

La Región, Suplemento "Día das Letras Galegas~81" ["Día das Letras Gallegas (sic) a rodapé], 17 Maio 1981, p. 15.